

Concurso de escaparatismo
CONCURSO DE ESCAPARATISMO



Concello de Marín



BASES

PRIMEIRA – Co obxecto de impulsala actividade comercial a través da dinamización dos escaparates e da ambientación dos espazos comerciais, a organización da III Edición do Festival Internacional de Maxia de Marín, convoca o “**I CONCURSO DE ESCAPARATISMO E AMBIENTACIÓN MÁXICA**”, no que poderán participar todos os establecementos do concello de Marín que sexan colaboradores do *Festival Internacional de maxia infantil de Marín* ou socios da AACC Estrela de Marín, calquera que sexa a súa actividade comercial, que dispoñan de escaparate físico ou de local comercial, entendendo como tal os elementos do establecemento visibles ao público desde o exterior ou interior que inclúan ou non un espazo para expoñer produtos.

SEGUNDA – No deseño do escaparate ou espazo, o establecemento deberá expoñer motivos acordes coa temática da maxia e deberá estar en concordancia coa actividade que se exerza habitualmente no establecemento. No caso de desenvolver unha temática agresiva, discriminatoria, ofensiva ou de empregarse elementos que atenten contra a estabilidade do medio ambiente, o establecemento non poderá participar no concurso.

Á hora da decoración de escaparates e espazos poderá empregarse calquera técnica.

TERCEIRA – A inscrición será gratuíta e realizarase a través do formulario que estará dispoñible na sede ou na web da AACC Estrela de Marín www.estrelademarin.com. Que terá que ser debidamente cumplimentado e enviado ó correo electrónico da organización do Festival info@ailladosnenos.com.

O prazo de inscrición será do 25 de marzo ao 4 de abril.

CUARTA – Unha vez remate o prazo de inscrición publicaremos nas Redes sociais do Festival o listaxe de comercios participantes no concurso. Posteriormente, durante o festival un xurado composto por mag@s profesionais e persoal da organización do festival pasarase polos establecementos

participantes para valorar os escaparates e espazos comerciais decorados. O xurado valorará aspectos como: a orixinalidade, a creatividade, o deseño, a harmonía e a exposición do produto. O fallo do xurado será inapelable. O escaparate gañador anunciarase durante a gala de maxia que se celebrará o domingo día 14 de abril na alameda Rosalía de Castro de Marín ás 19:00.

QUINTA (PREMIO) – Un **vale compra de 300€** (composto de 6 vales de 50€, para gastar en calquera dos establecementos colaboradores co Festival) e a **inserción de publicidade durante 3 meses nun dos minipuntos limpos do concello.**

SEXTA – A entrega de premios efectuaranse durante a gala de maxia que se celebrará o domingo día 14 de abril na alameda Rosalía de Castro de Marín ás 19:00.

SÉTIMA – **CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE**

Os establecementos participantes nesta promoción autorizan á organización do Festival, a reproducir, utilizar e difundir o seu nome, e imaxe en calquera actividade publicitaria e/ou promocional que esté relacionada con esta promoción, todo elo en calquera medio e sen que ditas actividades lles confira dereito de remuneración ou beneficio algún coa excepción feita da entrega do premio gañado conforme a estas bases. A cesión inclúe todos os dereitos de reprodución, transformación, distribución e comunicación pública da grabación ou imaxes captadas, sen limitación de tempo nin territorio.

OITAVA – A participación no concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases e a sumisión expresa das decisións interpretativas que das mesmas efectúe a organización do Festival.

En Marín a de de 2019